

A Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) indica no seu artigo 4.5:

5. O TFG ou TFM deberá ser defendido nun acto público de forma presencial ou virtual segundo a modalidade en que o/a estudante cursara o título:

a) O estudantado matriculado en modalidade presencial deberá defender os seu traballo de forma presencial.

b) O estudantado matriculado en modalidade híbrida ou virtual defenderá o seu traballo de forma presencial ou virtual, segundo se recolla no regulamento de TFG ou TFM do centro/título.

Excepcionalmente e por causa debidamente xustificada, o/a estudante poderá solicitar a defensa do seu TFG ou TFM nunha modalidade diferente á recollida no regulamento de TFG ou TFM do centro/título. Para tal fin, presentará unha solicitude motivada e debidamente acreditada ante o/a decano/a ou director/a do centro, quen a resolverá unha vez comprobado que se dan as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutra índole que xustifiquen a modalidade de defensa.

Ademais, a disposición derradeira da dita normativa establece a súa entrada en vigor no curso 2025/26, a excepción do segundo paragrafo do artigo 4.5, que se decreta de aplicación inmediata. En consecuencia, é preciso que os centros aproben unha regulación transitoria que recolla o procedemento a seguir durante o curso 2024/25 para solicitar a defensa virtual dos traballos fin de estudos (TFE) que lle corresponder, e a remitan á Comisión de Plan de Estudos para a súa revisión e aprobación.

De acordo co exposto anteriormente, o Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización, por delegación da Comisión de Plan de Estudos, emite informe favorable sobre a regulación transitoria proposta pola **Facultade de Turismo**. Esta regulación establece o procedemento a seguir neste centro durante o curso 2024/25 para a tramitación das solicitudes excepcionais de defensa de TFE recollida no artigo 4.5 da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM).

Para que conste aos efectos oportunos, asino este documento na data da sinatura electrónica.

O presidente da Comisión de Plan de Estudos
Moisés Canle López

Código Seguro De Verificación	NOCKUHeTvreuFqSVwj8eUA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	07/03/2025 23:37:49
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NOCKUHeTvreuFqSVwj8eUA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

